

PROBA TIPO TEST SELECCIÓN DUN/HA AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DENTRO DO PROGRAMA DE PERSOAS MOZAS REXISTRADAS NON SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL

1. Segundo o artigo 137 da Constitución Española, o Estado organízase territorialmente en:

- a. Concellos, Deputacións provinciais e Administracións autonómicas.
- b. **Municipios, provincias e Comunidades autónomas que se constitúan**
- c. Municipios, Comarcas e Provincias

2. Segundo a Constitución Española:

- a. O galego, Vasco e Catalán son linguas oficiais en todo o Estado Español.
- b. **O castelán é a lingua oficial do Estado Español.**
- c. O Bable asturiano tamén é lingua oficial do Estado xunto co Castelán, Catalán, Gallego e Vasco.

3. A forma política do Estado Español é:

- a. A Monarquía Institucional.
- b. **A Monarquía Parlamentaria.**
- c. O Parlamentarismo Bicameral.

4. Os bandos dítaos:

- a. **O Alcalde.**
- b. O Alcalde e o primeiro Tenente de Alcalde.
- c. O Pleno ou o Alcalde, indistintamente.

5. Quen dirixe a acción da Xunta?

- a. **O Presidente da Xunta.**
- b. A Xunta.
- c. O Parlamento.

6. Sinala a resposta correcta:

- a. O goberno e a administración dos municipios corresponde á Deputación da provincia
- b. As illas dos arquipélagos non terán administración propia
- c. **A provincia é unha entidade local con personalidade xurídica plena**

7. Unha sanción é un acto:

- a. **Desfavorable ou de gravame.**
- b. Favorable
- c. Unha sanción non é un acto administrativo mentres non sexa firme

8. A Corporación municipal do Concello de Fisterra está composta por:

- a) O alcalde e once concelleiros
- b) O alcalde e doce concelleiros
- c) **O alcalde e dez concelleiros**

9. Sinala a resposta correcta:

- a. O acto administrativo poderá ser dunha persoa particular
- b. Son actos administrativos os actos políticos do goberno
- c. **O acto administrativo é un acto xurídico realizado pola Administración**

10. De acordo co Estatuto de Autonomía de Galicia:

- a) **Corresponde á Comunidade Autónoma a creación e estruturación da súa propia Administración Pública, dentro dous principios xerais e normas básicas do Estado**
- b) Por lei poderase recoñecer a comarca como entidade local sen personalidade xurídica e con demarcación propia
- c) As dúas respostas anteriores son correctas

11. Cal é a utilidade dun marcador nun navegador Web?

- a) Remarcar o texto dunha páxina Web
- b) **Gardar unha ligazón á dirección dunha páxina Web**
- c) Gardar textos para facer procuras na internet

12. Sinala a resposta correcta. O/A actual alcalde/sa de Fisterra, chámase:

- a) **Luís Manuel Insua Lago.**
- b) Áurea Domínguez Sisto
- c) José Marcote Suárez

13. Non é sistema de firma válido a efectos da actuación administrativa automatizada...

- a) Selo electrónico de Administración Pública
- b) Código seguro de verificación
- c) **Intercambio electrónico de datos**

14. Para que a notificación se practique utilizando algún medio electrónico requirírase que ...

- a) Dispóñao a Administración actuante
- b) O interesado sinalase este medio como preferente
- c) **Todas son correctas**

15. O envío de correos electrónicos a varios destinatarios con copia oculta debe realizarse a través do campo:

- a) **Cco**
- b) Cc
- d) Toward

16. Sinala a resposta correcta. A día de hoxe , o concello de Fisterra ten unha poboación:

- a) Superior a 5.000 habitantes.
- b) **Inferior a 5.000 habitantes.**
- c) Entre 5.000 e 10.000 habitantes.

17. Sinala a resposta correcta. Segundo o artigo 145 da Constitución Española.

- a) **En ningún caso admitírase a federación de Comunidades Autónomas.**
- b) Sempre que sexa posible, fomentárase a federación de Comunidades Autónomas.
- c) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

18. Sinala a resposta correcta. Segundo o artigo 5.2 do Estatuto de Galicia os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia:

- a) Todos teñen o deber de coñecelos e o dereito a usalos.
- b) **Todos teñen o deber de usalos e o dereito a coñecelos.**

- c) Todos teñen o dereito de coñecelos e usalos.

19. Sinala a resposta correcta. De conformidade co establecido non artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro , do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en todo caso, estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, ao menos, os seguintes suxeitos:

- a) As persoas físicas
- b) Quen represente a un interesado que non estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración.
- c) Os empregados das Administracións Públicas para os trámites e actuacións que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público, na forma en que se determina regulamentariamente por cada Administración.**

(Artigo 14 da Lei 39/2015 do 1 de outubro , do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

20. Sinala a resposta correcta. Segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, cal das seguintes atribucións corresponde ao pleno do concello?

- a) Nomear e Cesar aos Tenentes de Alcalde.
- b) Dirixir a política, ou goberno e a administración municipal.
- c) A aprobación e modificación das Ordenanzas e Regulamentos municipais**

PREGUNTAS RESERVA

R1. Sinala a resposta correcta. Que norma legal regula o Estatuto de Autonomía para Galicia?.

- a) Lei Ordinaria 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia.
- b) Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia.**
- c) Real Decreto Lei 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia.

R.2) Os documentos utilizados nas actuacións administrativas almacenaranse por medios electrónicos?

- a) Sempre que sexa posible**
- b) En todo caso
- c) Cando así se dispoña expresamente nunha disposición legal